

INAUGURADA A "AULA EROSKI" NA FACULTADE DE ENXEÑERÍA DA UNIVERSIDADE DE DEUSTO

- **A apertura da aula é un novo paso para promover a transferencia de coñecemento entre ambas as dúas organizacións en materia de capacitación, tecnoloxía e implantación de novas solucións para o cliente**
- **O reitor da Universidade de Deusto e mais o presidente de EROSKI inauguraron a "Aula DEUSTO - EROSKI"**

Bilbao, 20 de xaneiro do 2017.- A [Universidade de DEUSTO](#) e [EROSKI](#) inauguraron esta tarde a "Aula EROSKI" na [Facultade de Enxeñería](#) da universidade. A apertura da aula é un novo paso na consolidación do marco de colaboración tecnolóxica entre ambas as dúas organizacións para proxectos de innovación orientados a maximizar oportunidades e modelos de negocio que necesiten do procesamento de grandes volumes de datos para xerar novas solucións para o cliente.

O reitor da Universidade de Deusto, José María Guibert, e o presidente de EROSKI, Agustín Markaide, inauguraron a "Aula DEUSTO - EROSKI", acompañados polo director de Comercio do Goberno Vasco, Juan Emilio Andrades.

Durante a súa intervención, José María Guibert destacou o seu interese en que esta nova Aula "se convirta nun instrumento eficiente de colaboración entre a nosa universidade e as empresas, a través de actividades de deseño e desenvolvemento de solucións tecnolóxicas que lle permitan a EROSKI extraer valor dos datos que xera a súa actividade cotiá". O reitor engadiu que "estas aulas de colaboración constitúen igualmente outro elemento máis na aposta de DEUSTO pola recualificación e a formación continua".

Agustín Markaide subliñou "a importancia da cooperación entre empresa e universidade para construír vantaxes competitivas sostibles baseadas na capacitación das persoas". O presidente de EROSKI incidiu en que "a xestión da información está a transformar algúns aspectos da cadea de valor e que no actual ámbito tecnolóxico a construción de novas vantaxes competitivas constitúe un reto para as empresas que vai, moitas veces, máis alá dos seus propios límites, facendo necesario combinar o coñecemento interno co externo".

Durante a súa intervención, o decano da Facultade de Enxeñería da Universidade de DEUSTO, Asier Perallos, sinalou que "a colaboración coas empresas constitúe un elemento moi importante do proceso de aprendizaxe dos estudantes" e concretou que "a experiencia entre DEUSTO e EROSKI, a través da colaboración no Programa Big Data e Business Intelligence, non só lle achega valor a EROSKI, senón que tamén axuda os estudantes a desenvolveren as súas competencias técnicas, persoais e profesionais a través do desenvolvemento de solucións para as necesidades de EROSKI".

A directora de Proxectos Estratéxicos de Márketing de EROSKI, Ana Cuevas, puxo en valor o desenvolvemento do convenio asinado pola cooperativa e a Facultade de

Enxeñería da Universidade de Deusto para *"promover un espazo aberto á investigación e á innovación onde conflúan as diversas capacidades da universidade e da empresa, no que profesores e estudantes da facultade e profesionais de EROSKI colaborarán conxuntamente en proxectos orientados a xerar novas solucións ao cliente"*.

Pola súa banda, o vicedecano da Facultade de Enxeñería, Alex Rayón, resaltou a oportunidade que se abre *"ao xuntar capacidades entre profesores e alumnos de DEUSTO e os profesionais de EROSKI para extraer valor a partir de datos. Nunha era na que hibridar coñecementos de negocio e tecnolóxicos é cada vez máis importante, as posibilidades que ofrecen as técnicas de Big Data para xerar unha oferta personalizada e de valor para o consumidor permitirlle a EROSKI construír unha proposta comercial máis atraente e, á súa vez, a posibilidade de innovar en produtos e servizos"*.

O director de Comercio do Goberno Vasco, Juan Emilio Andrades, participou tamén no acto de inauguración destacando que *"este acordo de colaboración entre EROSKI e a Universidade de DEUSTO vai ter uns importantes resultados a curto e medio prazo para o sector do comercio vasco"*. Ademais, Andrades lembrou tamén que o Goberno Vasco foi pioneiro en entender a importancia dos datos e do seu uso para o ben común: *"somos uns convencidos da democratización dos datos para o beneficio social, cun fin de mellora do conxunto da cidadanía"*.

EROSKI e a Facultade de Enxeñería da Universidade de Deusto asinaron no 2016 un convenio co fin de promoveren a transferencia de coñecemento entre ambas as dúas organizacións en materia de capacitación, tecnoloxía e implantación de novas solucións para o cliente. Para o desenvolvemento destes proxectos de innovación, contemplan a realización de programas cruzados de participación de profesionais de EROSKI en programas formativos de ámbito tecnolóxico da Facultade de Enxeñería de Deusto, e á súa vez, alumnos da Facultade participarán en formacións realizadas por profesionais de EROSKI como profesores-convidados pola Universidade de Deusto.

Sobre a Universidade de Deusto

A Universidade de Deusto é un centro de iniciativa social con sedes en Bilbao e San Sebastián, con 130 anos de experiencia e unha enorme contribución ao desenvolvemento económico, social e tecnolóxico.

A través da Facultade de Enxeñería e Deustotech desenvolve investigación en áreas tecnolóxicas e a súa aplicación específica en áreas como a saúde, a sostibilidade, o transporte, a fabricación ou a seguridade, contribuindo igualmente á promoción de novas empresas de base tecnolóxica.

A proxección internacional en canto a proxectos e mais coa presenza dun 15% de alumnos procedentes de máis de 60 países de todo o mundo constitúe outro dos seus sinais de identidade.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e



Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.877 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash&carry, amais de gasoleneiras, ópticas, oficinas de viaxes, perfumerías e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 7 millóns de Socios Cliente e con 33.870 socios cooperativistas e traballadores.

Aborda actualmente a definición dun novo plan estratéxico para os vindeiros catro anos no que se marca como obxectivo prioritario competir en cada un dos mercados onde está presente, situar o Socio-Cliente no centro da súa estratexia e potenciar as capacidades dos seus equipos de persoas.

Para máis información:

EROSKI Dirección de Comunicación Corporativa Oscar González Uriarte, Tel.: 946 211 214 comunicacion@EROSKI.es Oficina de Prensa – Consejeros del Norte Ziortza Beristain / Edurne Izquierdo Tel.: 944 158 642	UNIVERSIDADE DE DEUSTO Facultad de Enxeñería Gabinete de Prensa Miriam Portell, Tel.: 944 139 243 mportell@Deusto.es
--	--